

Irene Santos Raña / Soraya Suárez Quintas (2014): "Identidade e prescrición dialectal na fronteira galego-portuguesa. Xuízos valorativos desde a perspectiva xeográfica". *XVI Forum for Iberian Studies: Cultural and linguistic diversity in the Iberian Peninsula*. Oxford, 20-21 marzo 2014



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Identidade e prescrición dialectal na fronteira galego-portuguesa. Xuízos valorativos desde a perspectiva xeográfica

A participación neste congreso foi financiada pola Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia – Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) ao grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega (USC)

SANTOS RAÑA, IRENE
SUÁREZ QUINTAS, SORAYA



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG)

Obxectivos

- Indagar sobre a repercusión que teñen a competencia lingüística e a consciencia sociolingüística dos falantes á hora de determinar as súas percepcións lingüísticas e de orixinar actitudes ante o idioma (tanto ante o propio coma ante o alleo).




- Suscitar nos enquisados e enquisadas o discurso metalingüístico para:
 - Coñecer as intuicións e actitudes dos falantes en relación coa lingua propia e coa lingua dos seus veciños portugueses, centrando a exploración na noción de “prescritivismo dialectal”.
 - Achegarnos a como as intuicións e actitudes ao redor da lingua repercuten na imaxe mental do mapa lingüístico dos falantes.

Metodoloxía

- Baseámonos nun corpus de datos composto por 21 enquisas, realizadas en núcleos de baixa densidade poboacional do sur da provincia de Ourense.
- A selección dos puntos realizouse atendendo a criterios tanto xeográficos como demográficos:
 - Inicialmente delimitouse un perímetro de actuación, que abranguíu unha franxa territorial estendida a través de 9 entidades municipais da fronteira galego-portuguesa.
 - Feito isto, escolléronse dentro del as localidades con maior e menor peso demográfico de cada concello.

❖ Puntos de enquisa




- 
- Perfil do informante desexado: maior de 60 anos, cun nivel de estudos non moi alto e, a poder ser, con escasa mobilidade xeográfica.

PERFIL CLÁSICO DE INFORMANTE NAS INVESTIGACIÓNS DIALECTAIS

- Realizamos cuestionarios baseados nunha metodoloxía mixta, que atendese tanto ao plano cualitativo como ao cuantitativo.

CUESTIONARIO

- Información persoal
- Aspectos sociodemográficos
- Etnografía
- Percepcións e actitudes



Reflexión metalingüística

Bagaxe sociocultural

Percepción das dúas linguas como máis afastadas

Capacidade de intercomprensión

Percepción das dúas linguas como máis próximas

Avaliación da semellanza lingüística entre galego e portugués.


Considera que o xeito de falar das persoas que viven nas localidades portuguesas próximas é diferente do seu?



20 dos 21 enquisados responden afirmativamente, pero sempre aludindo a que son variedades moi semellantes.

- ❖ Hipótese: O maior parecido declarado podería ser indicio de que a variedade propia e a do interlocutor non son percibidas como as prototípicas das linguas respectivas.

Distancia percibida entre galego e portugués



Avaliación da intercomprensión


- 18 dos 21 informantes afirman que non atopan problemas á hora de comunicarse cos seus veciños portugueses.
- Os 3 falantes que detectan dificultades apóñenllas a trazos lingüísticos propios de variedades meridionais do portugués.



AS AFIRMACIÓNS DOS ENQUISADOS CORROBORAN QUE O NIVEL DE INTERCOMPREENSIÓN ENTRE OS HABITANTES DA FRONTEIRA É ELEVADO


Prescritivismo dialectal

- O nivel de intercomprensión é elevado e varía segundo a procedencia xeográfica dos potenciais interlocutores portugueses.
- As dificultades de comprensión declaradas son maiores cos falantes meridionais.
- O portugués falado polos veciños da Raia non é identificado como prototípico.
- No referente ás impresións sobre a distribución territorial tamén aparecen asociadas ideas relacionadas coa corrección.

- 
- A percepción condicionada pola bagaxe sociocultural potencia a idea de diverxencia lingüística, mentres que o condicionante da intelixibilidade conduce a un maior grao de identificación.
 - As reflexións recollidas encaixan coa noción de “prescritivismo dialectal”. A posibilidade dunha comunicación fluída entre os galegos da Raia e os seus veciños portugueses conduce a que os primeiros non perciban como prototípica a variedade de portugués falada polos segundos.


Condicionantes da prescrición dialectal

1. As avaliacións estéticas sobre a lingua, formuladas no noso traballo en termos de agradabilidade, xogan de par das avaliacións sometidas a criterios de corrección. Se un estándar se rexese polo gusto dos falantes pola súa lingua, o idiolecto de boa parte dos nosos enquisados sería recoñecido como o referente de lingua debido ao prestixio explícito e especialmente ao encuberto (potente axente de cohesión da comunidade lingüística).




2. Os criterios de corrección, aínda que con reservas, son aplicados polos falantes para identificar as áreas nas que consideran que se fala mellor.

- O grao de corrección establécese con respecto a un ideal de lingua difícil de definir.
- Os nosos informantes expresan máis dificultades para localizar o ideal de fala galego que o portugués, o cal é habitual situalo cara ao sur.



3. A intelixibilidade é fundamental para delimitar as liñas mestras do ideal de portugués. Semella que cantas máis dificultades se atopan, máis perceptivamente correcto é o idioma do interlocutor luso. Con estas reflexións demostran seren conscientes de que existe un continuum dialectal e infírese a idea de que a distancia estrutural percibida é fundamental para compartimentar as variedades diatópicas.



4. O prescritivismo dialectal tamén está determinado polos rexistro de lingua dos falantes asociados coas áreas territoriais que se citan.

O portugués do sur é percibido como máis correcto porque, ao mesmo tempo, é asociado cos medios de comunicación e con formas de vida máis cosmopolitas.

Posibles futuras liñas de ampliación desta pequena investigación

- Aumentar o número de enquisados da banda galega.
- Explorar as percepcións e actitudes lingüísticas dos portugueses da fronteira con respecto á lingua propia e á dos veciños galegos.

Bibliografía

- **Álvarez Pérez, Xosé Afonso** (2013): “A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa”, en E. Gugenberger / H. Monteagudo / G. Rei-Doval (eds.): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 97-136.
- **Beswick, Jaine** (2005): “Linguistic homogeneity in Galician and Portuguese borderland communities”, en *Estudios de Sociolingüística*, 6, (1), 39-64.
- **Cabeleira, Susana Machado** (2006): “Atitudes e preconceitos lingüísticos face a variedades dialectais”, en J. Barbosa / F. Oliveira (orgs.), *XXI Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, 245-260.
- **Erdösová, Zuzana** (2011): “El español de México en los ojos de sus hablantes. Un estudio desde la sociolingüística y la dialectología perceptiva”, en *Lengua y voz*, 1. México: Universidad Autónoma de México, 57-81.
[Recurso en liña:
http://www.uaemex.mx/lenguayvoz/Revista/1/Articulos/El_esp_de_Mex_en_los_ojos_de_sus_hablantes.pdf]
- **Ferreira, Carla Sofia da Silva** (2004), *Percepções e atitudes lingüísticas das variedades diatópicas de Portugal. Um contributo português para a Dialectologia Perceptual*. Mestrado em "Lingüística Geral", sob orientação de Clarinda de Azevedo Maia. Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra.
- **Ferreira, Carla Sofia da Silva** (2009): “Percepções dialectais e atitudes lingüísticas. O método da Dialectologia perceptual e as suas potencialidades”, en M.A Coutinho / A. Fiéis (orgs.), *XXIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística. Textos seleccionados*, 251-263.
- **Litosseliti, Lia** (ed) (2010): *Research Methods in Linguistic*. Continuum International Publishing Group: London
- **Preston, Dennis R.** (1989): *Perceptual Dialectology: Nonlinguists' Views of Areal Linguistic*. Dordrecht: Foris.